

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA QUE CELEBROU O PLENO DA CORPORACION O DÍA 18/12/2018, EN PRIMEIRA CONVOCATORIA.

ASISTENTES

Concelleiros

Partido dos Socialistas Galicia-Partido Socialista Obrero Español (PSdeG - PSOE)

José Marcote Suárez
Soledad Vilela Romero
Alexandre Domínguez Lado
María Rocío Mariño López

Concelleiros

Partido Popular (PP)

José Manuel Traba Fernández
Daniel Juan Benlloch Rivas
Santiago Insua Esmoris-Recamán
María del Rocío Marcote Canosa

Bloque Nacionalista Galego (BNG)

Xan Carlos Sar Oliveira
Teresa Fernández Martínez

Converxencia Galega

Juan Agustín García Pouso

Secretario

José Ramón Lema Fuentes

ORDE DO DÍA

- 1º.- Aprobación, se procede, borradores Acta da sesión anterior.-
- 2º.- Aprobación Proxectos a incluír no Plan de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan único de Concellos) POS + 2019.
- 3º.- Aprobación, se procede, Conta Xeral do Presuposto de 2017.
- 4º.- Mocións de grupos políticos.
- 5º.- Aprobación, se procede, Plan Económico Financeiro 2019-2020.
- 6º.- Proposta de Días Festivos ano 2019.
- 7º.- Proposta de Cambio do nome da Rúa Manuel Lago Pais.
- 8º.- Resolucións ditadas pola Alcaldía, para coñecemento.-
- 9º.- Rogos e Preguntas.

Na Vila e Termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubión sendo ás 20:00 horas, do día 18/12/2018, reúnense no Salón de Sesiós da Casa do Concello baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, os Srs. e Sras. que na marxe se expresan, coa finalidade de celebrar a Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación, coa seguinte:

- 1º.- Aprobación, se procede, borradores Acta da sesión anterior.

Deixase sobre a mesa a do día 12 de Outubro de 2018 ao non terse redactado.-

2º.- Aprobación Proxectos a incluír no Plan de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan único de Concellos) POS + 2019.

Á vista do oficio procedente da Excma. Deputación Provincial o Pleno da Corporación por unanimidade acorda:

3º.- Aprobación, se procede, Conta Xeral do Presuposto de 2017.

Visto o Dictamen favorable emitido pola Comisión Especial de Contas na sesión do día 5 de Novembro de 2018 e da Secretaria-Intervención que constan no expediente, o Pleno por Seis votos a favor (4 PSdG-PSOE e 2 BNG) e Cinco Abstencións (4 PP e 1 Convergencia Galega), acorda :

a) Aprobar a Conta Xeral do Presuposto referida ao ano 2017 co seguinte contido :

ESTADO DE LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO:

Tal e como se expón no informe emitido a tal efecto, a **liquidación do orzamento correspondente ó exercicio de 2017** ofrece o seguinte resultado:

- Dereitos Recoñecidos Netos	3.533.692,77 €
- Obrigas Recoñecidas Netas	3.175.823,86 €
- Resultado Orzamentario	361.933,68 €
- Desviación positivas de financiación	23.475,18 €
- Desviación negativas de financiación	10.208,56 €
- Gastos Financeiros remanente Tesourería para gastos xerais	193.170,16 €
- Resultado Orzamentario Axustado	564.305,09 €

ESTADO DEMOSTRATIVO DE ORZAMENTOS PECHADOS:

Do que se deduce que queda un total de "Catrocentos noventa e cinco mil cincocentos sesenta euros con dezasete céntimos (495.560,17 €)" como Obrigacións pendentes de Ordear de orzamentos pechados e un total de "Un millón trinta e sete mil catrocentos trinta e nove euros con oitenta e un céntimos (1.037.439,81 €) en concepto de Dereitos Pendentes de Cobro a 31 de Decembro de 2017.-

ESTADO DOS COMPROMISOS DE GASTO CON CARGO A EJERCICIOS FUTUROS.-

De conformidade coa Regra 422 IC, presentará os compromisos de gasto adquiridos con cargo a exercicios futuros, non existindo ningún nesta Corporación.

ESTADO DE TESOURERIA.-

De acordo co disposto na Regra 423 de IC, pon de manifesto a súa situación e as operacións realizadas durante o exercicio. Consta dunha **Primeira Parte**, na que se presentan de forma resumida o total de **Cobros e Pagos** realizados, tanto orzamentarios como non orzamentarios, resultando un movemento total de "**Catro millóns catrocentos cincuenta mil cincocentos cincuenta e cinco euros con corenta e nove céntimos (4.450.555,49 €)** e "**Tres millóns catrocentos oitenta e oito mil oitocentos trece euros con catro céntimos (3.488.833,04 €)** e unha **Segunda Parte** onde se recolle o estado de **situación de existencias en Tesourería**, resultando unha existencia final en bancos de "**Novacentos sesenta e un mil setecentos corenta e dous euros con corenta e cinco céntimos (961.742,45 €)**.-

ESTADO DE DEBEDA PÚBLICA

Reflexa as operacións de creación, amortización, pago, extinción, conversión e canxe de capitais, así como as de recoñecemento, pago, extinción dos intereses devengados. **Non existindo ningunha nesta Corporación.**

b) Dése traslado deste acordo ó Consello de Contas de Galicia a efectos da súa fiscalización.-

4º.- Mocións de grupos políticos.

A) MOCIÓN PRESENTADO POLO GRUPO BNG SOBRE O ANIVERSARIO DA CONSTITUCIÓN.

(Rexistro de Entrada número 3465 de data 12/12/2018)

Dada conta do seu contido:

“En 40 anos do réxime político español actual, a Constitución que o consagra foi modificada únicamente en dúas ocasións, unha primeira vez por imperativo europeo tras a sinatura do Tratado de Maastricht en 1992, a segunda reforma foi en 2011 para a modificación do artigo 13, precisamente en sentido regresivo, para priorizar os intereses da banca fronte aos das clases populares. No entanto, é claro que o texto constitucional vigorante contén eivas democráticas evidentes, que non casan cun sistema político verdadeiramente democrático, pois supoñen a negación de dereitos individuais e colectivos básicos.

Particularmente, dous aspectos chaman a atención polo seu anacronismo e incompatibilidade con respecto a dereitos democráticos esenciais. Por un lado, a negación das nacións que, como Galiza, facemos parte deste Estado. Por outro, a permanencia dunha Xefatura do Estado vitalicia e hereditaria que, ademais, nesta etapa ten a súa orixe nunha decisión do ditador Francisco Franco.

É evidente que un sistema que se queira realmente democrático debe partir de que todos os cargos públicos - canto máis a xefatura do estado- deben ser

resultado da vontade popular expresada por medio do voto. Do mesmo modo, debe sustentarse no respecto de todos os pobos e dos seus dereitos colectivos. Cabe lembrar que o dereito de libre determinación fai parte da Carta das Nacións Unidas e dos Pactos e acordos posteriores, todos eles asinados polo Estado Español.

Así pois, a Corporación Municipal de Fisterra, acorda PRONUNCIARSE A FAVOR DE:

1. A supresión da monarquía, por ser unha institución anacrónica e antidemocrática, e a opción por un sistema democrático e republicano.
2. O recoñecemento de Galiza como nación e, por tanto, dos dereitos colectivos inherentes, moi especialmente do dereito a autodeterminación.

O presente acordo será comunicado, para o seu coñecemento e para os efectos oportunos ao Parlamento de Galiza, á Xunta de Galiza, ao Congreso dos Deputados, ao Senado e ao Goberno Español.

Como consecuencia do resultado da Votación, Dous votos a favor do grupo BNG e Nove votos en contra (4 PSOE, 4 PP e 1 Corvenxencia Galega) o Pleno rexeita a Moción formulada.--

B) MOCIÓN PRESENTADO POLO GRUPO BNG SOBRE O SECTOR ELÉCTRICO.

(Registro de Entrada número 3466 de data 12/12/2018)

Dada conta do seu contido:

“O nacionalismo galego defende que a enerxía debe ser entendida como un ben público e a política enerxética debe desenvolverse en base a esta consideración, superando a concepción actual como unha merca mercadoría legalizada polos gobernos centrais de PP e PSOE. Do mesmo xeito, o subministro de enerxía debe ter a concepción de servizo público e o seu acceso debe ser un dereito garantido para todas as persoas por riba dos intereses económicos do oligopolio eléctrico. Porén, na actualidade, o sistema funciona en liñas totalmente contrarias a estes principios, favorecendo un prezo final da enerxía eléctrica imposíbel de soportar para moitos fogares e tamén para o tecido económico e produtivo de Galiza.

Un factor fundamental é que o actual sistema de xeración de prezos é totalmente opaco e inxusto. Mediante un mecanismo de poxa o prezo final da electricidade no mercado maiorista vén determinado polo prezo da última oferta en ser aceptada. Isto significa que posto que existen tecnoloxías que producen a uns custos moi diferentes, acabe marcando o prezo de forma habitual unha das tecnoloxías máis caras. Isto dá como resultado que se xeren os coñecidos no propio sector como “beneficios chovidos do ceo”, especialmente no caso de tecnoloxías case ou totalmente amortizadas, como sucede coas hidroeléctricas e a enerxía nuclear. Por poñer un exemplo, no último ano completo (2017) as tres maiores compañías eléctricas que operan no Estado Español (Iberdrola, Endesa, e a actual Naturgy) obtiveron uns beneficios 5.627 millóns de euros, un 3% máis

que no exercicio anterior malia que 2017 foi un ano de seca que impactou de forma negativa en termos hidrolóxicos.

Por outra banda, hai que engadir que a electricidade ten unha fiscalidade absolutamente disparatada e excesiva, o que tamén incrementa o prezo final. Por exemplo, o prezo da electricidade ademais de ter diferentes impostos que se solapan, atópase no tramo máis elevado do IVE, no 21%, sendo un dos máis altos de Europa ao tempo que cuestións non básicas como as touradas ou un coche de luxo teñen un gravame menor. A única razón para que o IVE non se reduza é o afán de recadación do Estado.

Cómpre ter en conta tamén que Galiza tivo e ten un papel de produtor de enerxía que non foi escollido polos galegos e galegas, senón que é consecuencia dunha cadea de decisións alleas, moitas delas do período da ditadura franquista, e do que non obtemos compensación. Nesa función imposta de país produtor, xeramos enerxía para o consumo doutros territorios do Estado español, exportando unha media dun 35% de electricidade. Mentres outros territorios aforran os custos do impacto social e ambiental que sufrimos nós, Galiza non obtén ningún beneficio. Isto obedece a un deseño centralista do Estado español que, mentres nos adxudicaba ese papel, reservaba para outros lugares ser o centro da industrialización e do desenvolvemento económico.

Con este modelo, mentres Estado e eléctricas aumentan os seus beneficios e Galiza exporta enerxía, no noso país hai máis de 442.000 persoas que declaran non poder permitirse manter a vivenda cunha temperatura adecuada e a taxa de risco da pobreza incrementouse nun 12,15% dende o 2009. Para combater a dificultade que supón o acceso á enerxía non son suficientes nin o bono socila do Estado nin o ticket eléctrico da Xunta de Galiza, que chegan a unha porcentaxe moi reducida da poboación.

Non é de recibo que por riba de non beneficiármonos de producir, grazas ás políticas enerxéticas do Partido Popular, Galiza vaia pagar a factura máis cara do Estado. A posibilidade de introducir suplementos territoriais na tarifa eléctrica xa figuraba na Lei do Sector Eléctrico do ano 1997 e na vixente de 2013. Porén, foi a aprobación do Real Decreto-Lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria de Rajoy o que converteu o que a Lei recollía como posibilidade en obrigatorio para o 2013. Resultado disto as eléctricas recorreron e o Tribunal Supremo deulles a razón en distintas sentenzas. Como resultado, vaise repercutir o recadado en varios impostos nas facturas dos galegos e galegas para recadar arredor de 38 millóns de euros. Isto é un absoluto disparate, quen produce paga máis que quen non e as galegas e galegos imos recibir o tarifazo máis grande do Estado.

Desde o BNG defendemos que Galiza ten dereito a controlar os seus recursos enerxéticos e para iso é fundamental poñer fin a esta situación de explotación colonial e reclamar capacidade normativa para poder tomar as decisións referentes a todos os aspectos do desenvolvemento enerxético. En canto á falta de soberanía política nons nos permita desenvolver unha política enerxética propia en todos os aspectos, si é posíbel avanzar progresivamente para establecer medidas que compensen tantos anos de espolio sen recibir nada a

cambio. Son decisións políticas que debemos tomar para corrixir un agravio histórico e por xustiza social.

Por todas estas cuestións, é imperativo demandar cambios inmediatos na regulación eléctrica para que a electricidade sexa un servizo básico e estean cubertas as necesidades sociais e económicas dun país coma o noso, tendo en conta que a xeración eléctrica leva aparelados elevados custos sociais e medioambientais que deben sernos compensados.

Neste sentido, unha tarifa eléctrica galega que abarate vía peaxes o prezo final da enerxía no noso país, axudaría a democratizar o acceso á enerxía para todas as persoas e, asemade, contribuiría a asentar o tecido industrial e económico do país, frear a deslocalización e evitar a nosa industrialización.

Por iso, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte ACORDO:

Instar á Xunta de Galiza a demandar do Goberno Central

1. A inmediata redución do Imposto de Valor Engadido sobre a Electricidade do 21% ao 4%.

2. Que exclúa a Galiza da Orde definitiva para a tramitación respecto dos suplementos territoriais para o exercicio 2013, por atentar contra as competencias galegas en materia de tributación ambiental e por seren contrarias para os intereses do tecido social e económico galego, correspondendo ao goberno do Estado asumir os custos que poida ocasionar a aplicación das sentenzas.

3. Modificar a Lei 24/2013, de 26 de decembro, do Sector Eléctrico de forma que se permita a regulación dunha Tarifa Eléctrica Galega que Galiza poida beneficiarse, pola súa condición de nación produtora de enerxía eléctrica, de peaxes máis baixas que permitan un abaratamento para os consumos domésticos e empresariais en compensación por soportar os custos sociais e medioambientais das instalacións de produción”.

Como consecuencia do resultado da Votación, Dous votos a favor do grupo BNG, Cinco en contra (4 PP e 1 Convergencia Galega e Catro Abstención do grupo PSdG-PSOE, o Pleno rexeita a Moción formulada.--

C) MOCIÓN PRESENTADO POLO GRUPO PSOE SOBRE A POLITICA DO GOBERNO GALEGO EN RELACION CO FINANCIAMENTO DAS ENTIDADES LOCAIS.

Dada conta do seu contido:

“Os Concellos somos a administración máis próxima á cidadanía, estando en contacto directo coa veciñanza. Tamén somos a administración cun menor endebedamento e tamén asumimos competencias impropias, que deberían asumir outras administracións.

Cada Concello ten as súas circunstancias e prioridades, e deberíamos contar cun financiamento axeitado, onde se permita aos Concellos decidir en que se invisten os fondos, e non depender dun reparto de forma discrecional.

O Plan Único, creado en 2017 polo Goberno da Deputación Provincial da Coruña unificar os antigos plans de investimentos da Deputación da Coruña (POS, PAS e PAI) e 11 liñas de subvencións nunha única convocatoria anual, permitindo aos Concellos non só unha mellor planificación, senón maior axilidade na tramitación, máis autonomía local para decidir en que invisten os fondos provinciais e máis transparencia na asignación de recursos, xa que os fondos do POS+ distribúense en base a criterios obxectivos como a poboación, superficie, número de parroquias e esforzo fiscal do concello.

O Plan Único da Deputación Provincial é un plan vivo e dinámico, que medra ao longo do exercicio e que nos tres anos que leva en funcionamento supera en 144 millóns de euros o investimento dos plans do anterior goberno durante 2012, 2013 e 2014.

O programa demostrou ser un instrumento útil para que os concellos afronten as súas necesidades concretas e mellorou e simplificou as relacións entre os concellos e a Deputación Provincial da Coruña.

Este sistema debe ser o camiño tamén para outras administracións públicas xa que ofrece total transparencia na asignación de fondos e permite total autonomía municipal para decidir en qué investir en cada concello.

Os Socialistas queremos reclamar á Xunta de Galicia transparencia no reparto de axudas, e en definitiva que muden as formas de actuar por un modelo propio do século XXI, onde non procede o escurantismo.

A Xunta de Galicia repartiu “a dedo” e con criterios subxectivos un total de 22,5 millóns de euros en catro plans de infraestruturas e equipamentos durante os últimos dous anos.

Débense cambiar as políticas da Xunta de Galicia e ter que deixar de mendigar axudas. O que propoñemos é que os fondos para os concellos se repartan de xeito obxectivo como se fai dende fai anos dende a Deputación Provincial da Coruña.

Polo anteriormente exposto, esta Corporación Local insta o Goberno galego a:

1º) Regular, mediante unha lei autonómica consensuada coa Fegamp, o financiamento dos concellos galegos.

2º) Establecer as partidas non finalistas dentro do capítulo de transferencias totais da Xunta de Galicia con destino ás entidades locais, así como de determinadas subvencións que os concellos perciben anualmente de xeito recorrente coa conseguinte modificación da porcentaxe de participación, coa finalidade de integralas no Fondo de Cooperación Local.

3º) Crear un fondo específico anual formado polas transferencias non executadas no orzamento da Xunta de Galicia con destino ás entidades locais.

4º) Establecer neste exercicio 2018 os criterios que rexan o reparto das subvencións da Comunidade Autónoma a favor das entidades locais, obxectivos e consensuados coa Fegamp, e que garantan a igualdade de acceso para todas elas cunha convocatoria pública á que concorreran todos os concellos en igualdade de oportunidades.

5º) Establecer un acordo para que o Canon da Auga se reparte con criterios en igualdade de reparto, onde as entidades locais poidan recibir en investimentos o 50% das recadacións que se levan a cabo en cada Concello, abrindo unha convocatoria por concorrencia competitiva.

Seguidamente o Pleno por Sete votos a favor (4 PSOE, 2 BNG, 1 CG) e Catro en contra do grupo PP, acorda aprobala na súa totalidade.

5º.- Aprobación, se procede, Plan Económico Financeiro 2019-2020.

O Pleno por Seis votos a favor (4 PSOE e 2 BNG) e Cinco abstencións (4 PP e 1 Corverxencia Galega) acorda aprobar o seguinte:

PLAN ECONÓMICO FINANCIERO DO CONCELLO DE FISTERRA PARA O PERÍODO 2019/2020 (DATA LÍMITE 31/12/2020)

O artigo 3 da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF) regula, con carácter xeral, o principio de estabilidade orzamentaria, e ven a establecer que “a elaboración, aprobación e execución dos orzamentos que afecten aos gastos ou ingresos dos distintos suxeitos comprendidos no ámbito de aplicación desta Lei realizarase nun marco de estabilidade orzamentaria, coherente coa normativa europea” e defínese a estabilidade orzamentaria das administracións públicas como a situación de equilibrio ou superávit estrutural.

O artigo 11 desa norma, ven a instrumentar ese principio ao fixar que tanto a elaboración como a aprobación e a execución dos orzamentos e demais actuacións que afecten aos gastos ou ingresos das administracións públicas someteranse ao mesmo.

A mesma LOEPSF regula a regra de gasto no seu artigo 12 entendendo por tal que a variación do gasto computable das corporacións locais non poderá superar a taxa de referencia do crecemento do Produto Interior Bruto (PIB) de medio prazo da economía española. Esa taxa de referencia a ter en conta, a efectos de calcular a regra de gasto, foi do 1,3% para o ano 2015, 1,8% para o exercicio 2016 e o 2,2% no 2017, segundo o acordo adoptado polo Consello de Ministros o día 10/07/2015, e polo cal se fixan os obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública para o conxunto das administracións públicas.

O artigo 21 LOEPSF, modificado pola Lei orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, indica que en caso de incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, do obxectivo de débeda pública ou da regra de gasto, a Administración incumpridora formulará un plan económico-financeiro que permita no ano en curso e no seguinte o cumprimento desas tres regras fiscais co contido e alcance previstos nese artigo.

En base ao disposto no artigo 12 da LOEPSF, nos seus apartados 2 e 3, relativos á definición de gasto computable e á competencia do Ministerio de Economía e Competitividade para calcular a taxa de referencia do crecemento do PIB de medio prazo para a economía española, de acordo coa metodoloxía empregada pola Comisión Europea en aplicación da súa normativa, tal taxa será obxecto de publicación e será a referencia a ter en conta polas Corporacións Locais na elaboración dos seus respectivos orzamentos.

Mediante Decreto de Alcaldía de data do 18/04/18, apróbase a liquidación do orzamento municipal de 2015, onde se pon de manifesto o cumprimento da estabilidade presupostaria e incumprimento da Regra de Gasto todo elo sen prexuízo do Plan Económico Financeiro.-

O concello de Fisterra cumpre co límite da débeda por canto a día de hoxe o Concello levou a cabo na súa totalidade a amortización de todas as operacións financeiras existentes con Entidades Bancarias a excepción dos préstamos sen interese concedidos por parte da Excmá Diputación Provincial dentro dos Plan Provinciais a devolver en Dez anos nas seguintes anualidades :

ANO CONCESION	PRESTAMO	IMPORTE ANUAL	PERIODOS DEVOLUCIÓN
2.015	128.703,68 €	12.870,37 €	2021 a 2030
2.016	119.793,65 €	11.979,37 €	2022 a 2031
2.017	120.444,22 €	12.044,43 €	2021 a 2030
2.018	130.833,68 €	13.083,37 €	2020 a 2029
TOTAL	499.775,23 €	49.977,54 €	-----

Que estarían por debaixo do 110% dos ingresos correntes, límite previsto no art. 53 do TRLRHL e por debaixo do 75% do límite previsto na Lei de Presupostos Xerais do Estado.-

En consecuencia, e ante **o incumprimento da regra de gasto** e en aplicación da Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira fai necesario a elaboración dun plan económico financeiro que lle permita ao concello recuperar a situación de equilibrio, como máximo, a 31 de decembro de 2019; é dicir, con ocasión da liquidación do exercicio 2019.

De acordo co artigo 21 da LOEPSF, o Plan Económico-Financeiro conterá, como mínimo, a seguinte información:

a) As causas do incumprimento da regra de gasto.

Resultado presupostario do exercicio

1.- Dereitos recoñecidos netos.....	3.533.692,77.-
2.- Obrigacións recoñecidas netas.....	3.175.823,86.-

Resultado presupostario..... + 357.868,91.-

Axustes

Créditos gastados financiados con remanente tesourería para gastos xerais.....	193.170,16
Desviacións de financiación negativas do exercicio	23.475,18
Desviacións de financiación positivas do exercicio.....	10.208,56.-
Total axustes.....	206.436,78.-
Resultado presupostario axustado.....	564.305,69.-

Estado do remanente de Tesourería

1.- (+) Dereitos ptes de cobro en fin exercicio.....	1.887.666,82.-
De presuposto de Ingr. pt. corr.....	850.227,01.-
De presuposto de Ingrs. ptos. Cerra.....	1.037.439,81.-
De operacións comerciais.....	
De recursos doutros entes públicos.....	
Doutras operacións non presuposta.....	
(-) Ing. rea. pdtes. aplic. defin.....	28.704,63.-
2.- (-) Acreedores ptes de pago en fin de exercicio.....	683.558,24.-
De Presupostos de gastos pto. corr.....	78.624,80.-
De Presuposto de gastos ptos. Cerr.....	495.560,17.-
De operacións non presupostar.....	109.373,27.-
(-) Pagos real. pdtes. apl. Defini.....	9.099,19.-
3.- Fondos líquidos na tesourería fin exercicio.....	961.742,45.-
4.- Remanente de Tesourería total.....	2.146.245,59.-
5.- Saldos de dudoso cobro.....	911.308,59.-
6.- Exceso de financiación afectada	10.208,56
Remanente de Tesorería para gastos xerais.....	1.224.728,44.-

Tal e como se puxo de manifesto na introducción, propónse ao Pleno desta Corporación a aprobación do presente plan económico financeiro, de formulación obrigada, xa que, se ben, o resultado da avaliación cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria **non cumpre coa regra de gasto** en relación ao expediente da liquidación do exercicio 2017.

Causas do incumprimento:

En consecuencia, non cabe admitir que a utilización do remanente de tesourería por unha entidade local sexa determinante dunha situación de déficit estrutural, é máis, habería de identificarse cunha situación de superávit presupostario no momento da liquidación do presuposto.

Sentada a natureza do remanente de tesouraría afectado cabe entender que os seus efectos sobre a situación económico financeira dunha entidade local en nada coinciden cos derivados doutros recursos financeiros que esixen un reembolso das cantidades recibidas e por iso parece lóxico que o tipo de medidas a implementar no plan económico financeiro deban acomodarse á situación descrita.

Sobre a base do exposto, cabe afirmar que a recuperación dos obxectivos de estabilidade presupostaria e, se é o caso, da regra de gasto, incumpridos pola utilización do remanente de tesouraría afectado se lograría coa simple aprobación do presuposto do exercicio seguinte en situación de equilibrio presupostario e dentro do límite de variación do gasto computable, sen necesidade de medida estrutural ningunha dada a natureza do remanente de tesouraría afectado no ámbito da Administración local.

Nese contexto, a entidade local deberá elaborar e aprobar un plan económico financeiro que se poderá limitar a expoñer a orixe do desequilibrio en termos de contabilidade nacional e a recoller aquela medida.

– A participación da entidade no Plan Provincial de Obras e Servizos de 2018, debido ás seguintes consideracións: o cómputo de ingresos e gastos a efectos de cálculo da estabilidade límitase ós capítulos 1 ó 7, tanto en ingresos como en gastos, polo tanto os ingresos computables nos capítulos 8 e 9, de carácter financeiro (agás os procedentes do remanente de tesoureiría para gastos xerais) cos que se financien gastos correspondentes ós capítulos do 1 ó 6 da clasificación económica de gastos, computarán como gasto, pero non como ingreso.

Cómpre especificar que o préstamo de que se trata convocouse e concedeuse pola Deputación Provincial para amortización de débeda, que ten dous anos de carencia, non devengará custe algún de intereses, polo que supón unha fonte de financiación totalmente gratuita para os concellos, na actualidade a súa amortización ampliouse para os anos 2019 e 2021 respectivamente.

Considérase pois que o incumprimento ten carácter coxuntural e non estrutural, por canto que se trata dunha débeda por mor da participación nun plan público de financiación diferida de investimentos financeiramente sostibles. En consecuencia, se descontamos esta obriga, resulta que se cumpriría o obxectivo da regra de gasto.-

Segundo a modificación introducida pola Lei Orgánica 9/2013, do 20 de decembro, en caso de incumprimento da regra de gasto, a Administración incumpridora formulará un plan económico financeiro que permita no ano en curso e no seguinte o cumprimento.

En consecuencia, este Concello, e así queda reflectido no presente plan, deberá volver á situación de equilibrio con data máxima o 31 de decembro de 2019.

Este é, pois, o horizonte temporal deste plan.

Medidas a adoptar para corrixir a situación:

O presuposto municipal para o exercicio 2018 foi aprobado inicialmente por acordo plenario do 22 de Maio de 2018 e publicado definitivamente no Boletín Oficial da

Provincia número 120 de 28 de Xuño de 2018 unha vez finalizado o período de exposición pública sen a presentación de alegacións.

O orzamento é o seguinte:

ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULOS	DENOMINACIÓN	EUROS
A) OPERACIÓNS CORRENTES		
1	Gastos de persoal	1.187.786,04 €
2	Gastos en bens correntes e servizos	1.686.029,74 €
3	Gastos financeiros	0,00 €
4	Transferencias correntes	87.195,63 €
B) OPERACIÓNS DE CAPITAL		
6	Inversións Reais	578.977,86 €
7	Transferencia de capital	0,00 €
8	Activos financeiros	0,00 €
9	Pasivos financeiros	46.166,19 €
SUMA TOTAL DE GASTOS		3.586.155,46 €

ESTADO DE INGRESOS

CAPÍTULOS	DENOMINACIÓN	EUROS
A) OPERACIÓNS CORRENTES		
1	Impostos Directos	715.289,54 €
2	Impostos Indirectos	40.000,00 €
3	Taxas e outros ingresos	613.693,40 €
4	Transferencias correntes	1.703.501,61 €
5	Ingresos Patrimoniais	28.188,65 €
B) OPERACIÓNS DE CAPITAL		
7	Transferencias de capital	439.316,07 €
8	Activos financeiros	0,00 €
9	Pasivos financeiros	46.166,19 €
SUMA TOTAL DE INGRESOS		3.586.155,46 €

O presuposto municipal de 2018 cumpre cos obxectivos de estabilidade presupostaria tal e como queda exposto no informe de Intervención unido o expediente de aprobación do mesmo, remitíndose o Ministerio de Facenda VI e cumprira coa Regla de Gasto no momento da súa liquidación.-

Conclusiones.

Para os anos 2019 e 2020, as medidas que se propoñe adoptar serían as seguintes:

– Dar máxima importancia ao principio de anualidade orzamentaria, de xeito tal que se porá todo o empeño posible para que todos os gastos correspondentes ao ano en curso sexan executados íntegramente durante o mesmo ano.

No caso de existir a finais do presente exercicio 2018 facturas pendentes de aplicar o Orzamento por falta de crédito, incluír dita estimación nos créditos iniciais do exercicio 2019.

–Manter o período medio de pago (PMP) por debaixo do límite legal de 30 días, tentando manter o calculado segundo o Real Decreto 635/2014, do 25 de xullo, polo que se desarrolla a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas.

–Xestionar os orzamentos dos exercicios 2019 e 2020 coa máxima atención ao cumprimento da estabilidade e da regra de gasto. Para isto, nos expedientes de recoñecemento extraxudiciais de créditos que se aproben polo Pleno Municipal e pola Alcaldía nesos exercicios, sempre se procurará que o crédito dispoñible non se utilice para incrementar o gasto computable.

–O presuposto de 2018 xa foi aprobado cumprindo o obxectivo de estabilidade orzamentaria e nivelado en canto á relación entre ingresos e gastos.

Con todo o anterior, preténdese alcanzar coa liquidación do exercicio 2018 de novo a situación de equilibrio e mantela durante o exercicio 2019.

Agora ben, dado que este dato non se coñece con total seguridade a día de hoxe, pártese só das subvencións previstas nas consignacións iniciais a efectos de calcular a regra de gasto.

Con todo isto e os escenarios que a continuación se van describir estaríamos a dar cumprimento ao previsto no artigo 21 da LOEPSF, en canto a estimacións que son posibles realizar neste Concello cos datos de que se dispón.

En relación ao contido adicional que a Lei 27/2013 ven a fixar para o plan económico financeiro, se considera que procede destacar as seguintes apreciacións:

– Non se considera necesario suprimir competencias distintas das propias e das exercidas por delegación, por canto que se trata de manter un nivel de orzamento similar ao que ven sucedendo en exercicios anteriores, nos que se presuposta con prudencia e tratando de evitar distorsións posteriores.

– En canto a xestión integrada e coordinada dos servizos obrigatorios que presta o Concello para reducir custes, tratarase de cumprir tendo en conta as actuacións que a Diputación Provincial poida realizar en canto a contratación dun estudo sobre os custos dos servizos obrigatorios que prestan os concellos a fin de que determine cal é a mellor forma de prestar os mesmos, dando así cumprimento ao disposto no artigo 26 da LBRL como consecuencia da modificación introducida pola Lei 27/2013, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local.

– Incremento de ingresos para financiar os servizos obrigatorios que presta o Concello.

De momento non se considera necesario profundizar na aplicación desta medida por canto que basicamente o que se vai levar a cabo é a redución do gasto no exercicio 2019 sendo esta contención a que permita recuperar a situación de equilibrio.

No caso de que á hora de executar o orzamento do exercicio 2019 se observe que as previsións de ingresos non se están a cumprir ou que por algún motivo excepcional hai que gastar máis do previsto, tratarán de tomarse medidas entón de cara a aumentar ingresos naqueles conceptos en que así sexa posible, e que sexa esta contención do gasto a que permita recuperar a situación de equilibrio.

Asemade, instarase a maximizar a eficiencia e eficacia na xestión dos ingresos públicos que legal e normativamente ten estipulados este Concello.

Neste apartado, agárdase un incremento na recadación no Imposto sobre Bens de Natureza Urbana como consecuencia da revalorización catastrais en bens que levaron a cabo pola Delegación de Facenda que tendrán efectos para o ano 2019 así como no Capítulo 5 co motivo na nova concesión administrativa outorgada para xestión das Casetas do Faro de Fisterra .-

Asemade, a previsión de ingresos por transferencias correntes e de capital para programas de periodicidade anual pronostícanse como maiores que nos exercicios 2017 e anteriores.

– Racionalización organizativa.

Non se considera necesario modificar este aspecto de momento por canto que se estima que non afectaría.

– Supresión de entidades de ámbito territorial inferior ao municipio.

Este Concello non ten entidades desta natureza.

Por último, se considera que as medidas propostas son coherentes coas variacións interanuais das previsións orzamentarias respectivas.

CONCLUSIÓN

Á vista do contido deste plan exposto nos apartados anteriores, formulo as seguintes :

- Dando cumprimento ao previsto no artigo 21 da LOEPSF, esta Alcaldía formula o presente plan económico-financeiro para a súa aprobación polo Pleno do Concello.

- No Presuposto a confeccionar para o ano 2019 terase en conta a minoración na cuantía do incumprimento da regra de gasto resultante da liquidación do ano 2017 coas indicacións da Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos da Xunta de Galicia.-

– Considérase que unha vez aplicadas as medidas contidas no presente plan, o Concello de Fisterra cumprirá coa regra do gasto ao final do periodo que comprende os

exercicios 2019 e 2020, con ocasión da aprobación da liquidación dos mencionados exercicios.

Estímase entón que nese momento se producirá unha situación de equilibrio ou de superávit en termos de contabilidade nacional.

O volume de débeda viva será moi inferior o legalmente previsto como límite, dado que no ano 2017 quedaron todas as operacións de crédito con Entidades Bancarias canceladas a excepción dos préstamos sen interes concedidos pola Excma Diputación Provincial por periodo de Dez anos e que comencaran a amortizarse nas datas antes referenciadas o que suporá unha menor carga financeira para esta Corporación.-

6º.- Proposta de Días Festivos ano 2019.

O Pleno da Corporación por unanimidade dos asistentes acorda Ratificar o adoptado pola Xunta Goberno local na sesión do 8 de Novembro de 2018 sobre proposta formulada á Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, para que se sinalen como festa de carácter retribuído e non recuperable neste Termo Municipal para o vindeiro ano 2019 os dous días seguintes:

Luns de Pascua
6 de setembro

7º.- Proposta de Cambio do nome da Rúa Manuel Lago Pais.

Despois de unha serie de consideracións sobre o particular, o Pleno por unanimidade dos asistentes acorda:

1) Aprobar o cambio de nome da actual rúa Manuel Lago Pais que pasará a denominarse “ Rúa dos Náufragos “.

2) Procédase a incluír dita rúa no Rueil municipal efectuando as modificacións legais que sexan oportunas dentro do Padrón Municipal de Habitantes, con comunicación a Delegación Provincial de Estadística.-

Todo isto como recoñecemento á xente que faleceu no mar .-

Sr. Traba Fernández do grupo popular

De calquera xeito quero deixar constancia en acta que deberíase estudar a posibilidade de poñer unha Rúa co nome de Luciano Moreira Carracedo, Párroco que foi desta localidade, por ser un desexo popular de veciños deste pobo fisterrán.-.

8º.- Resolucións ditadas pola Alcaldía, para coñecemento.

Concesión de vacacións en favor de Pedro Santiago Díaz Domínguez durante o período comprendido entre o 29 de outubro ao 5 de novembro (ambos incluídos).

Concesión de vacacións e días en favor de M^a Dolores Martínez Pérez durante os períodos 19 ao 31 de decembro de 2018 (vacacións) e 10 ao 15 de decembro (asuntos particulares).

Concesión de vacacións e días en favor de María Trillo Domínguez durante os períodos 14 ao 31 de decembro (vacacións) e os días 12 ao 19 de novembro (asuntos particulares).

Resolución de inicio de procedementos sancionadores de tráfico.

Días de hospitalización por familiar en segundo grao de afinidade (irmá) en favor de Montserrat Outes Velay os días 29 e 30 de outubro de 2018.

Concesión de vacacións en favor de Ramón A. Domínguez Vázquez durante o período 12 ao 23 de novembro de 2018 (ambos incluídos).

Concesión de vacacións en favor de Montserrat Outes Velay durante o período comprendido entre o 14 ao 28 de decembro de 2018.

Concesión de días en compensación por ter traballados festivos no ano 2017 durante o período comprendido entre o 12 ao 19 de novembro de 2018.

Prórroga de contrato eventual en favor de Silvia María Sar Insua durante o período comprendido entre o 18 de novembro de 2018 ata o 17 de novembro de 2019.

Concesión de vacacións en favor de Juan José Lago Estévez durante o período comprendido entre o 12 de novembro ao 13 de decembro de 2018 (ambos incluídos).

Concesión de días por asuntos particulares en favor de José Marcote López durante o período comprendido entre o 14 ao 26 de novembro de 2018.

Nomeamento de letrado e procuradores nos autos de despido 764/2018 interposto por Ovidio Rodríguez Gerpe.

Concesión de vacacións en favor de M^a Begoña Valdomar Insua durante os días 15 e 16 de novembro de 2018.

Cancelación aval bancario en favor de Carolina Cajide Barbeito por importe de Mil Cincocentos sesenta e seis euros e quince céntimos (1.566,15 €), rematada a súa prestación como licenciada en arquitectura dentro do Departamento de Urbanismo desta Corporación.

Concesión de vacacións en favor de Rafael Riveiro Domínguez durante o período comprendido entre o 30 de novembro ao 14 de decembro de 2018 (ambos incluídos).

Concesión de vacacións en favor de Francisca Cascallar Mouzo durante o período comprendido entre o 3 ao 13 de decembro de 2018 (ambos incluídos).

Concesión de vacacións en favor de Pedro Santiago Díaz Domínguez durante o período comprendido entre o 26 ao 30 de novembro de 2018, ambos incluídos.

Ampliación xornada laboral a M^a Dolores Martínez Pérez como auxiliar no fogar, pasando de 36,5 horas semanais a completa de 37,5 horas.

Vacacións en favor de M^a Teresa Dourado Martínez durante o período comprendido entre o 3 ao 7 de decembro de 2018 (ambos incluídos).

Concesión dos días 3, 4, 5 e 7 de decembro de 2018 por asuntos particulares.

Concesión de vacacións en favor de Juan Carlos Carril Pérez durante o período comprendido entre os días 4 ao 21 de decembro de 2018.

Aprobación de vacacións en favor de Ramón Liñeiro Santamaría durante o período comprendido entre o 5 ao 19 de decembro de 2018.

Vacacións e permiso por asuntos particulares en favor de M^a Dolores Martínez Pérez, período 10 ao 24 de decembro (vacacións) e os días 25 ao 31 (asuntos particulares) con cargo ao ano 2018.

Contratación técnicos de turismo con carácter eventual durante o período comprendido entre o día 1 ao 31 de decembro de 2018 como Técnicas de Información Turística ás persoas que de seguido se indican:

IRIA GARCIA SAR
MARIA RODRIGUEZ FERNANDEZ

Concesión de vacacións en favor de M^a Begoña Valdomar Insua durante o período comprendido entre o 10 ao 31 de decembro de 2018 (ambos incluídos).

Aprobación de lista provisional de admitidos/as e excluídos/as para a praza de operario de servizos múltiples.

ADMITIDOS/AS

JOSE ANGEL LOPEZ CASTREJE
MARIA JOSE SILVA TRABA
RAFAEL RIVEIRO DOMINGUEZ
ANTONIO J. GUERRERO SALVADOR
ALBERTO CANOSA NEMIÑA
ORLANDO CASAIS MOURE
RAMON LIÑEIRO SANTAMARIA
PEDRO S. DIAZ DOMINGUEZ
YAIZA ESPÍNEIRA DOMINGUEZ
JESUS M. FERRIO BUITURON
FRANCISCO J. TOBA TRILLO
JESUS R. QUINTANS ROMERO

EXCLUIDOS/AS: ningún.

Días en favor de Miguel Angel Olveira Traba durante os días 4 e 7 de decembro de 2018 en concepto de asuntos particulares.

Contratación con carácter eventual en favor de Ana Isabel Suárez Buján como Auxiliar de Axuda no Fogar ante a substitución da traballadora M^a Dolores Martínez Pérez durante o período comprendido entre o día 10 ao 31 de decembro de 2018.

Contratación en favor de M^a Selene Trillo Díaz como Técnica de Información Turística durante o período comprendido entre o 9 ao 31 de decembro de 2018.

Contratación con carácter eventual de Violeta Costa Lago durante o período comprendido entre o día 14 ao 31 de decembro de 2018 ante a substitución da traballadora María Trillo Domínguez.

Contratación de peón RISGA a favor de Rubén Mesías Calvo durante o período comprendido entre o 14 de decembro de 2018 ata o 13 de xullo de 2019.

Lista definitiva de admitidos/as e excluidos

JOSE ANGEL LOPEZ CASTREJE
MARIA JOSE SILVA TRABA
RAFAEL RIVEIRO DOMINGUEZ
ANTONIO J. GUERRERO SALVADOR
ALBERTO CANOSA NEMIÑA
ORLANDO CASAIS MOURE
RAMON LIÑEIRO SANTAMARIA
PEDRO S. DIAZ DOMINGUEZ
YAIZA ESPÍNEIRA DOMINGUEZ
JESUS M. FERRIO BUITURON
FRANCISCO J. TOBA TRILLO
JESUS R. QUINTANS ROMERO

Concesión de vacacións en favor de Noelia Castreje Canosa durante os días 2, 3 e 4 de xaneiro de 2019.

Concesión de días a favor de José Manuel Marcote Senlle os días 19, 20, 21 26, 27 e 28 de decembro de 2018 por asuntos particulares.

O Pleno dáse por enterado.-

9º.- Rogos e Preguntas.-

Sr. Traba Fernández do grupo popular

- Cal é o motivo polo que hai que solicitar Autorización da Autoridade Portuaria para celebrar unha voda nos exteriores do faro? De facerse a voda nunha praia hai que solicitar autorización de Costas?

Alcalde.- Non se soen pedir

- Que horario de apertura ten a biblioteca municipal? Hai persoal contratado ao efecto ou persoal propio destinado á mesma?

Sr. Sar Oliveira .- De 17 a 20 horas en inverno e de 10 a 13 horas en verán, actualmente está sendo atendido por persoal do voluntariado.

- Instalouse unha varanda na zona posterior do Castelo de San Carlos.

1. A obra foi executada polo Concello ?

2. Está en dominio público marítimo terrestre?

3. Conta cos preceptivas autorizacións de Costas e Patrimonio?

Alcalde.- Fomos case obrigados a instalala pola Demarcación de Costas polo risco que supoñía o estado en que se encontraba, se non din algo sobre o tema, teremos que buscar solucións.

- Cantos vehículos están autorizados para circular pola Rúa Real cando está peonil?

Sr. Sar Oliveira .- Únicamente os veciños, residentes, carga e descarga, tal e como dispón a ordenanza.

Volveronse a prorrogar as contratacións para o persoal de turismo. Para qué servizos?

Alcalde.- Si, para atender a oficina de Turismo e o Museo de Pesca con fin de non pechar o mesmo.

- Que xestións se están a facer polo defectuoso sinal na zona rural?

Alcalde.- Vaise solucionar o problema en Suarriba e despois buscarase outro sitio para poder dar sinal a localidade do Sixto.

- Por qué non se incluíron partidas para a reparación ou substitución da cuberta do polideportivo municipal?

Alcalde.- Chegamos tarde, está o proxecto sen facer, en Deputación estaban pendentes dun Plan e cando nos demos conta de que se trataba mandannos facer o Proxecto, hai que cambialo teito.

E non tendo máis asuntos de que tratar o Alcalde-Presidente remata a sesión, ás 22:05 horas do día de hoxe, de todo o que como secretario, dou fe.